

TESE POLÍTICA

INTRODUCCIÓN Á TESE POLÍTICA

A pandemia da COVID-19 deixou moitas secuelas no eido estudantil, cuxas consecuencias estaremos vivindo e analizando nos vindeiros anos. Dentro destas atopamos a caída drástica da calidade do noso ensino, cambios nos modelos de avaliación sen ter en conta os cambios na docencia ou no contexto persoal das estudantes, taxas que mantiveron o prezo co detrimento dos servizos ofertados, posta en perigo de profesorado nos centros de ensino medio por non contar coas infraestruturas necesarias, entre outras.

A vida nun sistema en crise sitúanos nunha posición complexa. Como fillas das clases populares, a nosa etapa formativa vese afectada, retrocedendo e tomando unha nova óptica: formámonos para acceder rapidamente ao mercado laboral. O ensino pasa a ser apenas unha vía de acceso ao sustento vital e non unha ferramenta para paliar as desigualdades sociais.

Por outra banda, como habitantes dunha nación carente de estado e institucións propias que nos defendan como pobo, sufrimos o encaixe nos plans que o sistema capitalista e o imperialismo ten para o noso País. O espolio dos nosos recursos, o detrimento dos servizos públicos e o ataque deliberado ao rural, coa desindustrialización e ausencia de inversión en I+D lévanos a unha emigración sangrante e unha precariedade e temporalidade elevada, nun modelo turistificador, con escasas excepcións.

Así, afrontamos unha pandemia da COVID-19 na que atopamos unha escola pública incapaz de resistir calquera crise, inmersa nun pozo de recortes. O período de recuperación tras a peor época desta pandemia, marcado pola incerteza, serviu como contexto perfecto para camuflar a creación da primeira universidade privada no noso país, sentando un precedente que camiña cara ao desmantelamento do ensino público. Foi este mesmo contexto de inseguridade, o que se aproveitou para a creación dun novo modelo de proba de acceso a estudos universitarios, para castigar mais a nosa língua e identidade, perdendo espazos nas aulas e, por ende, nas casas e rúas da Galiza.

Atopamos así que, para sorpresa de ninguén, o desmantelamento do sistema educativo público galego non era accidental. Mentres a Xunta denega investir máis cartos en bolsas educativas, investigación, manter abertos centros educativos públicos, firma a creación da Universidade Privada ABANCA.

Estas condicións, lonxe de ser alleas á realidade das estudantes, marcan gravemente o contexto no que nós realizamos a nosa actividade: e recae en nós ser capaces de interpretar ditas condicións para saber transformar esta realidade.

A actividade de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA, neste novo período, é vital que estea marcada pola reactivación da participación estudantil e o traballo activo, afianzando a nosa organización e extendéndoa aula a aula. Como organización de referencia para as estudantes galegas, é un reto complexo que temos que asumir, sabendo os custos que implica. A nosa organización debe loitar contra a actitude, hoxe en día tan espallada, do individualismo, de non cuestionar o sistema do que facemos parte e que podemos, aínda que con esforzos colectivos, mudar.

O ensino, por gozar da capacidade de educar as xeracións que están por vir e, polo tanto, a sociedade que está por vir, sirve e é empregado como ferramenta do capital para cumprir ese mesmo propósito. E é tamén por iso polo que non nos podemos permitir unha organización estudantil feble. Partir da base de que só o conflito logra acadar dereitos, unha organización extensa, formada, forte e consciente do seu cometido é esencial no actual contexto. ERGUER, como ferramenta das estudantes galegas debe servir para avanzar en conquistas para acadar un ensino realmente popular e liberador, no que o uso do galego sexa unha realidade, que loite contra os roles de xénero e o patriarcado e que logre unha inclusividade real. A base da sociedade do futuro, aquela que queremos conquistar.

Por iso, un dos obxectivos máis claros que se marcan nesta etapa interasemblar é a de volver poñer en valor a actividade estudantil e dos logros, pequenos ou grandes, que se conseguen coa mesma. Sendo conscientes e tomando perspectivas de que cada man sumada á loita, cada asemblea e actividade suma no mesmo camiño, e que só pode ser conquistado por nós: as estudantes.

SITUACIÓN EN ENSINO MEDIO

A COVID na docencia

Os efectos da pandemia no Ensino Medio víronse agravados por unha situación de precariedade xeralizada na Escola Pública. A isto, sumóuselle unha xestión pésima, chea de contradicións e cambios nas “instrucións” ou “orientacións” por parte da Consellería, que por veces existían grazas á contestación sindical e social.

Foron constantes a ocultación da información, e as decisións tomadas en base a criterios non sanitarios nin pedagóxicos, como a de non cubrir as baixas por mor da COVID. A isto

sumouse a improvisación con respecto á organización do terceiro trimestre, mesmo no tramo final da ABAU.

Neste contexto, a fenda dixital existente no noso País, eminentemente rural, foi algo que amosou a incapacidade e falta de medios á disposición do Ensino Público. A centralización e mando único tomado durante a crise foi unha escusa para a oposición política formal e evasión de responsabilidades por parte do Goberno Galego.

A LOMLOE

Como é a tónica xeral do Estado Español e nos distintos gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista, o conxunto da lexislación faise de costas á comunidade educativa, cuestión máis grave no caso das nacións sen Estado.

Neste caso, a pesar do avance que supón que a relixión non limite a elección doutras materias, perdeuse a oportunidade de eliminar calquera doutrina na escola pública, sabendo que existirá a continuidade do ofrecemento de notas altas para captar matrícula.

Na atención á diversidade, sen compromisos efectivos ou contrastábeis, nin dotación de recursos humanos. Quedando apenas en referencias en papel. Isto é unha constante no conxunto da lei: máis aló dos principios máis abertos e linguaxe máis adaptada atopamos un ensino carente de medios que permitan levar a cabo calquera destas referencias.

A maiores, dentro desta lei atopamos novos cambios con respecto aos exames extraordinarios e á promoción. A modificación destes, pasándoos de setembro a xuño, foi unha medida que non cumpriu a que debería ser a súa meta final: o avance cara a avaliación continua. As probas e exames finais non seguen criterios pedagóxicos, son un modelo elitista e meritocrático, e deixan nun segundo plano as competencias adquiridas ao longo do curso escolar.

Con todo, a Consellería opúxose a calquera avance, incluso sobre o papel. O traballo deste órgano non é outro que o de oposición ao Goberno Central baixo os intereses do Partido Popular en Galiza. Así, as indicacións contradín a nova lei, poñendo en consideración os estándares da antiga LOMCE, actuando empeorando os criterios de promoción, continuando na insistencia en probas de avaliación final. O resultado: maior burocracia e trabas ante calquera avance.

Como resultado, na ESO atopamos un retroceso da Lingua Galega, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía. No caso das materias de libre configuración, aínda que se debe manter a oferta

por parte dos centros, a existencia de competencias e cargas de interese terxiversan a demanda das mesmas.

En 2º de Bacharelato, Historia da Filosofía perde 1 hora, e desaparece a posibilidade de ofertar materias de libre configuración do centro, e elimínanse optativas como Ciencias da Terra e o Medio Ambiente, Fundamentos de Administración e Xestión, Imaxe e Son ou Electrotécnica.

O caso mais grave atopámolo na negación da optativa de Xeografía e Historia de Galiza, materia que de por si debería ser obrigatoria para o conxunto do estudantado de Bacharelato. Tamén no caso das modalidades artísticas, onde a materia Música non poderá ser ofertada como optativa en todos os centros agás nos poucos nos que a Xunta autorice o Bacharelato Xeral, ou na limitación do ensino da Lingua Portuguesa no ensino galego, unha medida política que persegue evitar a concienciación do estudando do valor da súa lingua e da relación desta co espazo lusófono.

O deseño curricular implantado pola LOMLOE, desenvolvido pola Consellaría mediante os novos decretos, non implica ningunha mellora substancial. Ante isto a administración educativa galega preferiu non exercer as súas competencias. Así a Xunta continuou co ataque ao noso País, eliminando calquera posibilidade de afondar no coñecemento da nosa realidade histórica, social e cultural. Exemplo claro foi o borrado dos obxectivos xerais tanto na ESO de:

- *Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*
- *Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*
- *Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galiza, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

O mesmo para o caso de Bacharelato, onde:

- Non se cita nin sequera o Estatuto de Autonomía de Galiza como elemento de referencia dos valores para adquirir unha conciencia cívica, limitándose por primeira vez á Constitución como única referencia.
- Deixan fora dos criterios xerais a referencia a unha sociedade que favoreza a sustentabilidade.
- Deixan sen citar, dentro das desigualdades existentes, e como un exemplo a salientar “a violencia contra a muller” e “a atención especial ás persoas con discapacidade”.
- No obxectivo relacionado coa investigación e a sensibilidade e respecto cara o medio ambiente eliminan “e a ordenación sustentábel do territorio, con especial referencia ao territorio galego”.

“Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado”, isto atopámolo na continuidade do Decreto do Plurilingüismo, que continúa prohibindo impartir materias do ámbito científico tecnolóxico en galego. Temos, polo tanto, na Xunta de Galiza un dos maiores piares dos ataques ao noso País dende a base da sociedade: negándonos o acceso á nosa historia, cultura e lingua, buscando moldear unha sociedade muda con respecto aos agravios que sofre Galiza.

Continúan os ataques ao Ensino Público

A lóxica de desgaste á Escola Pública por parte do Partido Popular continúa na actualidade. Ao final deste ano lectivo coñecemos o recorte en profesorado na práctica totalidade dos centros educativos, con continuas alertas por parte das direccións e profesorado do que isto pode supor para o correcto funcionamento do noso ensino. Para isto, utilízanse as supresións de prazas, cunha absoluta ausencia de transparencia para evitar o control dos criterios empregados.

A redución de prazas supuxo unha porcentaxe incluso superior á contratación de reforzos COVID, o que estaría a implicar unha rebaixa na cifra de profesorado con respecto aos anos prepandemia. Nalgúns centros dáse o caso de que esta redución ven acompañada dun aumento na matrícula e incluso dos números de grupos polo que a situación resulta insostíbel: as condicións nas que se traballará nos IES e CPIs serán moito peores. Ademais, estes recortes xeran no persoal interino e substituto unha inestabilidade laboral e persoal. As poucas expectativas de conservar os seus postos de traballo dependen exclusivamente das xubilacións.

Estes recortes no noso ensino público estanse a producir a expensas do medre dos cartos destinados nos últimos orzamentos á privada e concertada. Segundo os últimos datos ofrecidos pola CIG, en comparación co ano 2021, os fondos destinados ao ensino concertado incrementáronse nun 98%, un dato maior que as propias que as contas xerais da Consellaría de Educación 74,5%.

Xa nas contas do 2020 o financiamento do ensino concertado medraba tamén por riba do investimento no ensino público: o conxunto dos concertos e das diversas axudas ao ensino concertado subían un 2,51%, mentres que a suba xeral de Educación ficaba nun 2,03%.

Por outra banda, cómpre salientar o esquecemento da nosa lingua no ensino público. O fomento da lingua galega caía nun 22,64% con respecto ao 2021, perdéndose así, na partida principal -as campañas de normalización lingüística- un de cada catro euros investidos no curso actual. Pola contra, si atopamos un medre nas partidas destinadas a empresas privadas (máis do 30% por segundo ano consecutivo) e a centros concertados (máis dun 11%).

En resumo, os cartos destinados aos centros educativos públicos do noso país son os que saen peor parados, xunto cos destinados á normalización lingüística que segue a ser o ámbito máis desprezado pola Consellaría de Educación, xusto cando todos os informes advirten da situación de emerxencia para a nosa lingua pola perda de alumnado galegofalante e polo mantemento dunha política involucionista na defensa do noso idioma.

A discriminación e os ataques ao rural

A realidade rural do noso País, lonxe de ser unha singularidade ou fortaleza é unha desigualdade. O Partido Popular teima coa desertificación do rural para poñelo a servizo de entramados económicos, así, os recortes en servizos son esenciais para imposibilitar unha vida digna no rural.

No caso do ensino, a fenda tecnolóxica é mais notoria, carecendo de solucións efectivas por parte da consellería. A maiores, a opcionalidade de materias vese reducida por limitacións impostas, xa sexa pola falta de profesorado ou porque non se permite polo número de alumnos matriculados: carece de sentido non ter unha aplicación propia para as áreas rurais. Entre estas, atópanse para o caso de Bacharelato materias que ponderan de forma específica para o acceso a determinadas carreiras Universitarias. Con todo, grazas á mobilización social e aos esforzos do corpo docente na denuncia destes criterios, que son de carácter político e discriminan ás estudantes do rural, tense constatado a viabilidade da

impartición destas materias, posibilitando que as estudantes academos eses obxectivos formativos.

SITUACIÓN EN FP

A Formación Profesional é, seguramente, o eido no que podemos constatar con máis dureza a progresiva posta do ensino ao servizo dos intereses do mercado. Ao mesmo tempo, esta modalidade de estudos segue inda a sofrer o estigma dos prexuízos elitistas que caen sobre o estudantado que opta por esta vía de formación, que é entendida, tanto por boa parte da opinión pública como pola administración, como “de segunda”, fronte aos estudos universitarios.

A chegada da FP DUAL: a privatización encuberta

A reorganización da FP en Básica e Dual, xa ten sido analizada pola nosa organización, como unha manobra que atendeu aos intereses das grandes empresas que buscan fornecerse de man de obra barata. Na maioría dos casos, a formación nos centros de traballo non é tal, senón unha incorporación directa do alumnado á cadea de produción. Esta viuse incrementada inda coa entrada en vigor no 2022 da nova lei de FP que veu a supor a conversión da antiga FP Básica nunha nova modalidade de FP Dual Xeral que, a diferenza de anteriores formas de dualidade, deixa de recoñecer como relación laboral remunerada as prácticas en empresas privadas, afondando inda máis na precarización e desregulación desta forma de traballo. A maiores, fica reforzada a figura dos titores ou titoras designadas pola empresa, até o punto de darlle entrada nos centros para participar na avaliación final do alumnado e blindando a súa participación na selección do alumnado, implicando recorte de profesorado para a Formación Profesional, xa actualmente maltratada. O caso máis extremo neste senso é a chegada da posibilidade de que as empresas poidan formar aos seus propios traballadores e traballadoras para a obtención de títulos oficiais, quedando o profesorado dos centros educativos exclusivamente para a avaliación deses resultados de aprendizaxe, feito que supón tamén deixar nun lugar secundario o profesorado e reducirlle capacidade para formar parte na formación continua. Así, a Formación Profesional pode pasar a ser unha axencia de expedición de títulos, sen carácter formativo propio.

Un novo avance no ensino privado: a nova reorganización da Formación Profesional

A esta nova situación legal hai que engadir, igualmente, a acción privatizadora do Partido Popular na Xunta que ven actuando mediante a autorización de ofertas educativas

concertadas ou subvencionadas ao tempo que se recorta a oferta pública. Desta forma continúanse sostendo centros privados con fondos públicos.

Así mesmo, nos últimos tempos observamos como a oferta de ciclos formativos foi reducíndose cada vez máis ás cidades, borrando das vilas do país aqueles máis especializados que foron substituídos por ciclos de menor custo económico para á Xunta ou mesmo sendo eliminados por completo. Esta situación pon ás estudantes na obriga de desprazarse fóra das súas vilas, afrontando os grandes custos de transporte (agravado pola falta de medios públicos) que isto implica. Cando os desprazamentos son de longa distancia, normalmente cara as cidades, as estudantes ven como a isto se lle engade a problemática do alugueiro.

Ante isto, as estudantes atópanse abandonadas: as bolsas son practicamente inexistentes e as poucas que hai son insuficientes e mal planificadas, negándoselle a axuda a aquelas que teñen que desprazarse en bus máis de unha hora para chegar ao seu centro de estudos alegando proximidade xeográfica. Unicamente existen residencias públicas (os denominados CRD, centro residencial docente) para FP en tres municipios do país (Vigo, A Coruña e Ourense), nos que a entrada vén determinada por puntuación, e onde a media académica ten unha importancia significativa. Ademais, para o mantemento da praza, o alumnado non pode volver cursar o mesmo curso nin cambiar dúas veces o seu módulo formativo, sendo un sistema alleo ás condicións da propia estudante.

Con respecto as bolsas, o alumnado de estudos pos obrigatorios non universitarios atópase coa inexistencia de axudas propias para este ensino, contando só coas MEC. Con isto, vese como as estudantes da FP se atopan nunha situación na que o clasismo e o desamparo institucional se agravan especialmente.

SITUACIÓN NA UNIVERSIDADE

Un sistema Universitario infradotado e infrafinanciado

Vivimos nos últimos anos un proceso acelerado de mercantilización e desmantelamento da universidade pública galega. Neste contexto, aos recortes e a falta de financiamento que afrontan as universidades galegas, súmaselle a competencia continua polos escasos recursos, así como pola docencia de titulacións. Esta competitividade e falta de coordinación levan consigo un gran desgaste, no lugar de impulsar as potencialidades do sistema universitario galego (SUG). Así, non renunciemos á unha única Universidade Galega, pública, popular e ben dotada, como único modelo viábel para as necesidades do noso País.

Neste contexto, a lexislación abriu a porta das universidades ao capital privado e as grandes empresas, que ocupan un posto privilexiado nos Consellos Sociais, decidindo o futuro da universidade en función das necesidades do mercado e limitando o goberno e autonomía universitaria. Así, chegouse ao momento actual, coa entrada en xogo da Universidade Privada de ABANCA, e co apoio da Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular.

Esta entidade, que pretendía iniciar a súa actividade o vindeiro curso, entra en competencia coa Universidade Pública galega, ofrecendo titulacións unicamente a quen poida pagar por elas e inseridas por completo no pensamento neoliberal.

O desmantelamento da Universidade Pública vai acompañado da perda continua de calidade e servizos, así como dunha progresiva elitización. A falta de recursos, o deterioro das infraestruturas e a eliminación de servizos básicos como poden ser as reprografías ou comedores están á orde do día no SUG, sen O financiamento outorgado pola Xunta ás universidades mostra un interese mínimo por reverter esta situación.

A chegada de Boloña e un sistema a cabalo entre leis antipopulares e privatizadoras

Desde o ano 2008, a aplicación do denominado Plan Boloña ao ensino trouxo consigo un modelo que reducir as horas de estudo para permitir a rápida inserción do estudantado no ámbito laboral. Con isto, ademais de mermarse a calidade e cantidade de contidos, seguiu-se perpetrando a adaptación do conxunto do saber á aplicación inmediata no mercado: coas estudantes como man de obra especializada.

A maiores, isto implicou tamén un novo modelo de funcionamento na avaliación e impartición de contidos: cunha presencialidade e lóxicas propias de outros escalóns do ensino, carentes de sentido e que condicionan a totalidade da etapa pos-obrigatoria. Así, a día de hoxe é realmente complexo e excepcional compaxinar estudos con traballo, eliminando o acceso á Universidade por motivos económicos: estuda quen pode.

Isto implica que actualmente, cun 3+2 non realmente aplicado, os Graos perden peso, facendo de parte introdutoria que leva a un sistema de mencións que volta enfrontar as distintas Universidade. Logo, a necesidade dun pos-grao, cunhas taxas e custos moito mais elevados, e de oferta reducida serve ao mesmo tempo de adaptación total dos coñecementos ao mercado laboral, ao mesmo tempo que criba unha vez mais ás estudantes por motivos socioeconómicos.

A instauración dun modelo clasista

Nun xeral, a universidade está sempre marcada polo clasismo: o requirimento dunha nota que en moitos casos só reflicte a cantidade de recursos da familia do estudante, a ausencia dun sistema de bolsas axeitado aos graos que se solicitan (cunha exixencia de rendemento que en moitos casos fai insostible a permanencia na mesma) e os negocios que se fan en torno aos contidos das materias (academias, venda de apuntamentos ampliados para aprobar) fan que manterse na universidade sexa practicamente un privilexio.

As taxas universitarias elevadas, a diminución e a escaseza de bolsas, a necesidade de combinar estudos e traballo ou os gastos inasumíbeis en transporte e vivenda constrúen un muro cada vez máis alto que limita o acceso das clases populares ao ensino superior. No caso de estudarmos lonxe da casa, contamos cunha rede de transporte insuficiente e cuns prezos moi elevados. A isto temos que sumar o custo do aloxamento, pois as prazas en residencias públicas son insuficientes, mentres que asistimos a unha suba desorbitada do prezo dos alugueiros.

Así, co paso dos anos, auméntanse as dificultades das estudantes galegas para acceder ao ensino superior, afogadas polas taxas e as bolsas insuficientes que levan a moitas mozas a abandonar os seus estudos. Por outra banda, vemos que no actual modelo ao rematar os nosos estudos de grao atopámonos coa necesidade ou mesmo obrigatoriedade de cursar un mestrado para completar a nosa formación e poder acceder ao mercado laboral. Isto leva consigo un desembolso económico moito maior, que non está ao alcance de todas.

O golpe final: a chegada da Universidade Privada a Galiza

Os xa mencionados ataques aos sectores públicos conducen á luz verde por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza e o PSOE no goberno do Estado, á implantación da primeira Universidade Privada na Galiza promovida pola Afundación de ABANCA, nun camiño á privatización do ensino. Un proxecto totalmente contrario á realidade galega. Ofrece unha duplicidade de graos xa existentes nas Universidades Públicas, nun exercicio de competencia descarada, e excluíndose ademais á lingua galega da docencia. Mentres, a Xunta, nega a posibilidade de ampliar prazas ás universidades públicas alí onde é si hai necesidades e continúa dando as costas á necesidade dunha financiación digna que permita ás universidades desenvolver a súa misión educativa sen precariedade.

A situación é crítica xa que a creación dunha Universidade Privada afectaría tamén aos xa nomeados escasos recursos das Universidades Públicas: coa desviación de fondos públicos, perda do financiamento privada nas investigacións públicas, éxodo de profesores

cara a privada por mellores contratos, maior descenso do alumnado, competencia propagandística desleal, entre outras consecuencias enmarcadas nunha estratexia máis ampla de desmantelamento do ensino superior galego que leva anos a desenvolver o Partido Popular dende a Xunta.

Exemplo disto é a formación do profesorado na Galiza cuxas prazas ofertadas e reguladas pola Consellería de Educación son superiores ao número de prazas ofertadas polo SUG nos mestrados. Isto deriva nunha realidade: ou se accede a unha formación de ámbito privado -e polo tanto se privatiza de forma encuberta o ensino- ou se accede a unha formación en outras partes do estado, que nada ten a ver coa realidade galega.

O proxecto de Universidade Privada que pretende implantar ABANCA a través de Afundación, co beneplácito do Partido Popular, é un atentado en contra do ensino público e da igualdade de oportunidades. Non podemos aceptar a venda de títulos universitarios atendendo á capacidade económica de cadaquén, que responden á reprodución das clases dominantes e do status socioeconómico destas. O dereito á educación pública universal supón un pilar imprescindible para construír unha sociedade democrática. Sen uns servizos públicos para todos e todas non é posíbel camiñar cara á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria. Por iso, a educación non debe converterse nunca nun negocio, nunha mercadoría máis.

Bolsas: as axudas aos méritos

As axudas ás estudantes na continuación dos seus estudos están marcadas pola meritocracia. As esixencias dun mínimo de créditos aprobados que sempre ascende do 60% (porcentaxe que varía segundo o grao, marcando unha diferenza innecesaria sobre a dificultade aparente das materias) expón ao estudantado máis vulnerable, obrigándoo moitas veces a abandonar e a devolver o importe que lle foi facilitado o anterior ano.

Ademais, o cambio ou o estudo dunha nova carreira ou mestrado supón a perda automática da bolsa, imposibilitando a finalización satisfactoria dos estudos ás estudantes que non teñan unha situación económica que llo permita: unha vez máis, o sistema converte un dereito básico como é o estudo nunha cuestión de méritos e de clase.

Residencias

A situación das residencias galegas está marcada pola diferenza de xestión das tres universidades e pola concesión ás empresas privadas. Desglosándoo, teríamos o seguinte:

Na USC contan con varias residencias e colexios maiores en ámbolos dous campus (Lugo e Santiago de Compostela). Os criterios para a entrada nas mesmas atenden a un baremo onde hai dous criterios: o académico (puntuado sobre 3,6 puntos) e o económico (sobre 4,4) . Ademais, para a continuación na mesma o alumnado debe superar un mínimo de 42 créditos (no caso de ter matrícula parcial, un 75%). De novo, a meritocracia xoga un papel importante no acceso á vivenda pública.

Na UDC contan con unha residencia pública por campus (Coruña e Ferrol), cunha oferta de prazas bastante limitada (108 e 25 respectivamente) e cun baremo que avalía os anteriores criterios dándolle igual importancia (4 puntos para o académico e 4 para o económico segundo renda). Neste caso, para a continuidade no aloxamento vén determinada pola nota media, diferente nas carreiras técnicas.

Na UVigo non existen residencias plenamente públicas. Só en dous dos campus (Ourense e Vigo) atópase un modelo concertado a cargo da empresa RESA. Debido a isto, non existen criterios económicos para o acceso, os prezos son moi superiores ao resto das universidades galegas e non existen bolsas propias para as residentes nas mesmas.

En resumo, na xestión das residencias galegas perpetúase un modelo de universidade con concesións ao privado sobre o público e definidas na súa totalidade polos méritos e o clasismo.

Unha ferramenta do individualismo e a perda da identidade colectiva

A Universidade, en troques de actuar como centro de coñecemento e creación de pensamento crítico, así como garante do progreso social, convértese nun espazo hostil que trata ás estudantes como meros produtos que introducir no mercado laboral, promovendo a idea do ensino como competición. O alumnado vese así arrastrado a un individualismo extremo, no que se normaliza a venda de apuntes e a sabotaxe entre compañeiras no canto de apostar pola cooperación e a aprendizaxe colectiva.

Así, a colectividade e a posibilidade de apertura de calquera crítica ao pensamento dominante convértese nunha tarefa case imposible. Afogadas pola situación socioeconómica e nun corset académico que monopoliza a nosa vida, a participación consciente e todos os problemas e renuncias que esta trae parecen ser inasumíbeis.

A maiores, serve como ataque último en prol da desaparición da nosa identidade. Por un lado, o emprego do idioma está reducido en moitos casos ao cupo mínimo do 20% das materias. Porén, moitos docentes acaban por baixar ese mínimo, habendo graos cunha porcentaxe ínfima de docencia en galego (a favor do español e doutras linguas

estranxeiras). Por outro, non se aposta por unha área de coñecemento e cooperación no conxunto do noso País, co consecuente marco de traballo desde unha óptica de realidade nacional.

Así e todo, non son só as condicións materiais a espallar o individualismo nas estudantes galegas. Existen unhas lóxicas de pensamento que o favorecen, que fan fincapé na idea do individuo como consumidor non só xa de formación para atopar un posto de emprego mellor, senón da idea do individuo como consumidor de ideoloxía. Isto é un problema xeral da sociedade actual que tamén afecta ás estudantes, facéndolles ver ás organizacións estudantís como algo inútil ou innecesario e desmobilizándoas.

A hexemonía desta lóxica é algo a combatermos como organización. Participar na nosa organización non pode verse coma un acto de identificación ideolóxica ou algo meramente divertido que se fai para satisfacer unha necesidade individual. As mensaxes deste tipo perpetuarían esa lóxica. É preciso facermos ver ás estudantes galegas que a mellor forma para resolver os seus problemas é organizarse de forma colectiva para atopar solucións e mobilizarse para facelas efectivas.

A COVID no SUG

A pandemia da COVID tivo unha grande repercusión no Ensino Universitario, en dúas grandes vertentes, por un lado o propio día a día nas aulas. A incertidume e descoñecemento de como se ían impartir os contidos e como sería a avaliación foi unha constante para a totalidade das materias, sendo practicamente cada unha, unha realidade distinta. Por outro, existiron problemas específicos para os casos dos prácticum, das materias con alto contido práctico, as prácticas externas e os traballos de fin de grao (nomeadamente aqueles con parte práctica). Isto condicionou por unha parte non só poder levar a cabo estas materias con normalidade, cousa imposible, senón a posibilidade de promocionar e a obtención do título Universitario, coa conseguinte continuidade dos estudos.

A isto sumóuselle o agravante do confinamento, coa situación das estudantes que se atopaban fora do fogar, ou aquelas que voltaron aos mesmos. Estas non atopaban neles un espazo no que poder desenvolver a súa actividade académica, con falla de medios, ou tendo deixando por veces apuntamentos, material nas súas residencias durante o curso, co conseguinte gasto a maiores dun espazo que non estaba a ser utilizado.

Así, cada situación persoal, a os efectos da pandemia na saúde mental, e á carga dos cuidados sumóuselle a crise económica: o peche temporal de empresas, os despedimentos

e atrasos no cobro do ERTE fixeron con que novamente os sectores condicionados foran os economicamente mais febles.

Ante isto, a nosa organización desenvolveu un traballo de intentar velar polos dereitos nun contexto de total descoñecemento. Reunímonos e demandamos aos 3 equipos de goberno das Universidades unhas peticións de mínimos, aínda sabendo da complexidade da situación e da nosa imposibilidade de mobilizar estudantes ante calquera problemática. Con todo, as decisións dependían de cada profesor, a cada materia e exame, podendo apenas servir como rede de seguraza os acordos acadados, mais si tendo solventado os problemas de promoción e parte práctica.

A chegada da LOSU

Finalmente, o ensino universitario viuse tamén afectado ao longo deste período polo comezo dun novo cambio legal plasmado no proxecto de Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU), malia a que a súa aprobación semella atoparse, polo de agora distante, perante os cambios no Ministerio de Universidades e a reformulación da lei realizada polo novo ministro.

Aínda que atopamos positivo que o actual borrador da lei amose algunhas características certamente positivas, como o recoñecemento do dereito á folga recollida como “paro académico”, así como a clara aposta pola descentralización territorial e a autonomía universitaria, este conta tamén con outros aspectos que deben preocuparnos fondamente como estudantes, como o aumento do peso do consello social, no que se atopa representada a empresa privada fronte aos organismos de goberno electos pola propia comunidade universitaria como o claustro. Así mesmo, a lei deixa incólumes aspectos do sistema universitario que necesitan dunha fonda reforma, como é o caso da existencia das universidades privadas ou do inxusto sistema de taxas. Razón esta pola que non a podemos considerar, en absoluto, unha lei favorable aos nosos intereses como estudantado galego.

POR UN ENSINO GALEGO

O noso contexto como galegos dentro do Estado Español é asimilable ao dunha colonia interna. Isto vese reflectido nun modelo económico centralista (vertebrado no Franquismo) que pon a nosa terra como unha fonte de recursos para o beneficio externo e que nos sume nun atraso a todos os niveis pola pouca aplicación que a economía central ten á hora de resolver as nosas necesidades. E esta situación é tamén crítica na toma de decisións sobre

cuestións clave da nosa organización como sociedade e pobo: a economía, as condicións laborais ou o Ensino.

Deste xeito, o Ensino na Galiza serve como aparello homoxeneizador do Estado Español, eliminando en todo posible a nosa diferenciación nacional. Exemplos disto son os continuos procesos de centralización do sistema educativo, as sentencias contra o uso de linguas propias, o odio cada vez máis reforzado a todo aquilo que non sexa español ou a represión mediática contra os movementos que desafíen este modelo. Se isto continúa así, o resultado é claro: a nosa lingua e a nosa cultura camiñarán cara a desaparición a costa de novos contidos completamente alleos ao que somos.

Así pois, é preciso un novo modelo de ensino non colonial, un modelo de ensino feito por nós e para nós, que teña en conta a realidade nacional da nosa terra. Un modelo galego de ensino. Isto colle forma na creación da Lei Galega de Educación, que aproxime ás estudantes á realidade galega en lugar de afastalas.

No concreto, é preciso:

- Poder estudar na nosa lingua. Avogamos pola inmersión lingüística en galego no ensino obrigatorio e bacharelato como requisito indispensábel para termos un ensino galego. Para isto é fundamental a derogación do mal chamado “decreto do plurilingüísimo”. Aválannos ademais os diferentes informes da comisión de expertos do Consello de Europa, que avogan pola inmersión en galego.
- Pular polo uso do galego na universidade e reclamar o noso dereito a examinarnos en galego e poder empregalo libremente nas aulas.
- Recuperar o estudo da nosa historia e darlle un papel central. Rematar coa discriminación na ESO da nosa historia como un apéndice ao final do temario, así como a marxinação no bacharelato da materia de “Historia de Galicia” que resulta optativa e case imposible de impartir (horarios, plan de estudos da propia materia) fronte a “Historia de España” que é obrigatoria e marxina ou non conta a nosa historia.
- Introducir nos diferentes temarios as figuras galegas relevantes (pensadores, científicos, educadores...) de acordo a súa importancia histórica, sen marxinacións.
- Adecuar o modelo ao rural, tanto no mantemento e creación de centros onde sexa preciso, como nos medios de transporte necesarios para conectar ás estudantes cos mesmos.
- Favorecer o coñecemento do noso medio e a súa riqueza achegando as estudantes ao mesmo.

POR UN ENSINO POPULAR

As estudantes non somos un grupo homoxéneo nin existimos en abstracto fora da realidade material que nos rodea. Por iso, non nos é allea a desigualdade imperante no modo de produción capitalista no que vivimos, caracterizado polo dominio dunha minoría privilexiada propietaria dos medios de produción sobre a maioría social que se ve na obriga de vender a súa forza de traballo para sobrevivir. Este dominio fica plasmado no ensino a través da acción privatizadora dos distintos gobernos, que pon o sistema educativo ao servizo dos intereses empresariais, así como na creación de barreiras elitistas que buscan expulsar do ensino superior ás fillas da clase traballadora.

Fronte a isto, defendemos un ensino rexido polas necesidades formativas do estudantado e non polos intereses do mercado. Un ensino ao servizo das clases populares, alonxado dos intereses do capital, que sexa unha ferramenta para rachar coas dinámicas de reprodución da desigualdade inherentes ao sistema capitalista. Isto só se poderá acadar mediante:

- A creación dun fondo de bolsas suficiente e axeitado para garantir o dereito a unha formación digna para o estudantado en todos os niveis formativos sen distinción de clases.
- A gratuidade dos materiais de estudo en todos os niveis mediante a creación dun fondo público de libros de texto en ensino medio e a axeitada actualización dos fondos das bibliotecas universitarias.
- A eliminación das taxas universitarias. Pois estas non cobren máis que un porcentaxe ínfimo dos gastos reais da universidade, sendo, na práctica, a súa única función a de exercer de obstáculo para dificultar o acceso das alumnas das clases populares ao ensino superior.
- O control dos prezos da vivenda en alugueiro nas cidades universitarias, xunto co aumento das prazas en residencias públicas que permita frear a espiral alcista dos prezos que se está a producir nas cidades galegas.
- A adecuación da oferta de prazas nos graos e mestrados á demanda destes, reducindo as notas de corte e rematando coa privatización encuberta que supón o trasbase de alumnado cara as universidades privadas por falta de prazas no sistema público.
- A reasunción por parte das universidades dos servizos externalizados, enmendando esta forma de privatización a anacos da universidade cuxo único propósito é recortar

servizos e precarizar as condicións do emprego do persoal administrativo e de servizos.

- A abolición dos centros privados e concertados en todos os niveis educativos, ou a súa conversión en centros públicos no caso de ser convinte.

POR UN ENSINO FEMINISTA

A loita contra o patriarcado comeza na educación e comeza pola transformación dos centros, coma espazos de socialización principais durante a infancia e adolescencia. Debemos pular por un ensino que lle dea valor aos referentes femininos, en vez de agochalos; que inclúa a educación sexual con normalidade e a autonomía sobre os nosos corpos como pilar.

Actualmente a educación, non allea á existencia dos roles de xénero sociais, lonxe de rachar con eles apróveitaos para asegurar o mantemento desta opresión, con todos os beneficios que isto supón para o sistema social e económico capitalista.

Rematar coa violencia machista comeza cun ensino que eduque en valores feministas.

- Posta en valor de referentes femininos actuais e históricos.
- Inclusión de educación sexual e afectiva dentro do programa de estudos, impartida por persoal cualificado.
- Elaboración e implantación de protocolos de actuación fronte a agresións machistas.
- Inclusión de pedagogía no referente a xénero, roles de xénero e distribución de tarefas e coidados.
- Acercamento aos contidos de discurso misóxino que poidan ser consumidos polas estudantes para ser rebatidos e discutidos en espazos seguros.
- Reformulación das actividades do tempo de lecer e recreo, prestando especial atención á distribución dos espazos e aos usos que se lle dan aos mesmos.

POR UN ENSINO INCLUSIVO

Que ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA sexa a organización estudantil de referencia para as estudantes galegas bebe da atención á diversidade que existe entre o estudantado.

A conquista de dereitos para o colectivo LGBT+ que se estivo dando nos últimos anos non vai acompañada nunha diminución da violencia sufrida, tampouco no eido estudantil, en

grande parte polo aumento dos discursos de odio contra o colectivo, notoriamente contra as persoas trans.

Mais a inclusividade fai referencia tamén a calquera circunstancia persoal para a que o ensino actual non teña cabida. Discapacidades, diferentes recursos económicos, distinto contexto cultural e estrutura familiar...

A educación ten que servir como ferramenta na inculcación de respecto e inclusión de toda persoa disidente da cisheteronorma, branca, e neurotípica, e na loita contra a discriminación exercida contra esta:

- Inclusión activa e real de toda estudante, considerando e poñendo en valor os distintos contextos culturais e estruturas familiares, discapacidades, diferentes recursos económicos... do estudiantado galego.
- Creación e implantación de protocolos de actuación fronte a agresións LGBTfóbicas, racistas, xenófobas e capacitistas.
- Pedagogía no estudiantado de todas as etapas educativas, pero especialmente en idade escolar, da diversidade social existente no país, e posta en valor de dita diversidade.
- Maior inversión económica, material e de recursos temporais en programas e contratación de persoal cualificado de integración e educación social dentro dos centros educativos.
- Menor ratio alumnas-profesor que permita a atención máis individual e persoal á totalidade do alumnado.
- Pedagogía e formación do cadro de persoal do centro sobre acoso escolar e identificación do mesmo.
- Substitución de celebración de datas e actividades por outras menos problemáticas e máis respectuosas (substitución do día da nai/pai polo día da familia...)

POR UN ENSINO CIENTÍFICO

O Ensino é a ferramenta que nos permite desenvolvernos e adquirir coñecementos e competencias durante a nosa etapa formativa. Entre elas atópase a creación de pensamento crítico, entendendo como isto, un análise propio da realidade - tamén da socioeconómica.

Esta ferramenta representa un perigo para un sistema de produción que usa e precisa perpetrar a desigualdade para xerar beneficio económico. A pedagogía ten que ser polo tanto a punta de lanza para rachar con este vidro opaco do pensamento único hexemónico.

Nun contexto de desinformación, de reprodución rápida e cíclica de información de forma acrítica, cuestionar calquera relato é realmente revolucionario. Para iso, a doutrina científica preséntase como unha enorme necesidade: coñecer os feitos e xulgar para interpretar a realidade é un perigo para quen nos prefire cegas.

A maiores, defender o ensino científico dende ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA implica rematar coa fenda da situación das mulleres nestes campos. Os roles de xénero patriarcais que se reproducen nas escolas teñen un efecto notorio no camiño que as estudantes interiorizan que deben escoller.

Isto require unha mediante a intervención pública do sector, creando unha Fundación Galega para a Investigación, así como o incremento da investigación, co reforzo da Universidade Pública, recoñecendo todos os sectores que se dediquen a esta labor.

O fin último é a posta do traballo investigador ao servizo do progreso social e da construción dunha sociedade mais xusta, divulgando o coñecemento xerado á sociedade, nun exercicio de transformación, facéndonos individuos mais libres e críticos co mundo que nos rodea.

A maiores, defender o ensino científico dende ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA implica :

- Rematar coa fenda da situación das mulleres nestes campos, así como os roles de xénero patriarcais que se reproducen nas escolas, e teñen un efecto notorio no camiño que as estudantes interiorizan que deben escoller.
- A dignificación da carreira investigadora, mediante a intervención pública do sector, creando unha Fundación Galega para a Investigación.
- O incremento da investigación, co reforzo da Universidade Pública, recoñecendo todos os sectores que se dediquen a esta labor
- Posta do traballo investigador ao servizo do progreso social e da construción dunha sociedade mais xusta.
- Divulgación do coñecemento á sociedade para transformarnos en individuos mais libres e críticos co mundo que nos rodea.

POR UN ENSINO DEMOCRÁTICO

Defendemos un sistema educativo cuxo principio organizador sexa a democracia. No que a organización dos centros educativos se corresponda cos valores nos que estes afirman educar ao estudiantado. Por isto defendemos a democratización dos órganos de goberno en todos os niveis do ensino. Para isto é preciso:

- Democratización da universidade. Avanzando cara unha maior representatividade do estudiantado nas xuntas de facultade e claustros universitarios, fronte á actual situación de infrarrepresentación do estudiantado e do persoal administrativo e de servizos en comparación ao profesorado.
- Democratización do ensino medio. Revertindo a perda de funcións do claustro imposta polo Partido Popular coa LOMCE. Así como camiñando cara a escolla plenamente democrática dos cargos directivos dos centros na que o estudiantado teña tamén un papel activo.
- Así mesmo, reclamamos unha práctica lexislativa consensuada entre os gobernos e as distintas organizacións sociais que representan o sistema educativo: organizacións estudantís, sindicatos de clase e asociacións de nais e pais. Así como baseada no respecto ao dereito das nacións sen estado do Estado español a organizar por si mesmas o seu propio sistema educativo, traballando por unha Lei Galega de Educación que recolla a vontade e intereses dos actores sociais presentes no sistema educativo galego.

POR UN ENSINO MOBILIZADO

A educación e a creación de pensamento propio e crítico no estudiantado por parte do ensino, o fin que dende a nosa organización estudantil defendemos, resulta inevitablemente nunhas estudantes cun obxectivo claro en mente: mudalo todo. A ferramenta que permitirá a vitoria dese obxectivo non é outro que o estudiantado mobilizado.

- Reversión da situación de pasividade e individualismo espallada entre o estudiantado.
- Inclusión do maior número de problemáticas e do maior número de estudantes na actividade desenvolvida por ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA.
- Esforzos para aumentar a nosa presenza no maior número de centros do país.

- Formación e educación crítica e real das estudantes dentro e fóra do sistema educativo.
- Aumentar a capacidade de transformación do análise político en traballo a pé de rúa.